

C

Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 27
MAIO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

CONCERTO FIN DE TEMPORADA

NATUREZA, VIDA & AMOR

Paul Daniel, director

Pacho Flores, trompeta



PROGRAMA

Antonín Dvorák (1841-1904)

AMOR: Abertura "Otelo", op. 93, B. 174

Christian Lindberg (1958)

"Cabalos Máxicos"

Concerto para trompeta e orquestra*

Pegasus

Andalusian

Lusitano

Equus ferus

Appaloosa

Shagya

Pacho Flores, trompeta

Antonín Dvorák

NATUREZA: Abertura "No reino da natureza", op. 91, B. 168

VIDA: Abertura "Carnaval", op. 92, B. 169

*Estrea absoluta

*Obra encargo RFG / Bilkent Symphony Orchestra (Turquía) / Swedish Chamber Orchestra (Suecia)

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Silvia Cánovas ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Samira Ajkic

Mathias Emmerink ***
Sabela Hughes ***

VIOLAS

Tilman Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina
Teresa Cardoso (R)
Carmen M^o Navarro ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Carlos García
Alexandre Llano (R)
Clara Martínez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Mario Rodrigues (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **
Henrique Medeiros ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Luca Tognon ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Bernardino Assunção ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Daniel Solís ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Miguel Linares ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Pedro Cases ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Iago Ríos (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Alejandro Sanz (R)
Xacobe Roca (R)
Juan A. Vázquez ***

ARPA

Alba Barreiro (R)

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt.

Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

PACHO FLORES

TROMPETA

Formado no Sistema de Orquestras Juveniles e Infantiles de Venezuela, obtivo os primeiros premios do Concurso Internacional Maurice André, Concurso Internacional Philip Jones e Concurso Internacional Cittá di Porcia.

As súas aparicións como solista inclúen orquestras como a Sinfónica de San Diego, Sinfónica de Norrköping, Filharmónica de Turku, Filharmónica de Norddeutsche Rostock, Filharmónica do Ártico de Noruega, Filharmónica de Louisiana, Filharmónica de Estrasburgo, Filharmónica de Salzburgo, Kymi Sinfonietta, Het Gelders Orkest, Sinfónica de Basilea, Sinfónica de Tucson, Real Filharmónica de Liverpool, Orquestra de Stavanger, Filharmónica de Kiev, Camerata de San Petesburgo, Ensemble Orquestral de París, Orquestras NHK e Hyogo PAC de Xapón, Sinfónica de Tokio, Filharmónica de Osaka, Sinfónica Simón Bolívar de Venezuela, Nacional de México ou Filarmónica de Buenos Aires. En España ten traballado coa Filarmónica de Málaga, Sinfónica de

Balears, Sinfónica de Tenerife, Real Filharmonía de Galicia, Sinfónica de Bilbao, Orquestra de RTVE, Filarmónica de Gran Canaria, Oviedo Filharmonía, Sinfónica de Navarra... Próximos compromisos inclúen a Nacional da Radio de Polonia, Sinfónica del Estado de São Paulo, Sinfónica de Galicia, Nacional de Chile, Orquestra de Valencia, Sinfónica de Taipei ou Orquestra de Cámara Sueca, entre outras.

Ten ofrecido recitais en salas como o Carnegie Hall de Nova York, Sala Pleyel de París e a Opera City de Tokio. Como membro fundador do Quinteto de Metales Simón Bolívar, ten participado en numerosas xiras por Europa, Suramérica, Estados Unidos e Xapón. Director fundador da Academia Latinoamericana de Trompeta en Venezuela, cultiva a una prometedora xeración de novos talentos e é convidado frecuente dos conservatorios de Finlandia, España, Francia, Xapón e Latinoamérica; e como xurado permanente en concursos internacionais.

Flores foi primeira trompeta da Orquesta Sinfónica Simón Bolívar de Venezuela, Orquesta Saito Kinen de Xapón e Sinfónica de Miami; baixo a dirección de Claudio Abbado, Sir Simon Rattle, Seiji Ozawa, Giuseppe Sinopoli, Rafael Frühbeck de Burgos ou Gustavo Dudamel.

Ávido promotor da música contemporánea, o seu repertorio inclúe estreas de obras de compositores como Roger Boutry, Efraín Oscher, Giancarlo Castro, Santiago Báez, Juan Carlos Núñez ou Sergio Bernal. Nestes intres está a desenvolver un ambicioso proxecto de encargos compartidos a compositores como Arturo Márquez, Roberto Sierra, Paquito D'Rivera, Efraín Oscher, Christian Lindberg e Daniel Freiberg.

Artista da Casa Stomvi, toca instrumentos fabricados exclusivamente para el por esta prestixiosa firma e participa activamente nos seus desenvolvementos e innovacións. O seu primeiro disco, *La trompeta Venezolana*, foi lanzado polo selo GUATACA Producciones. Na

actualidade é artista exclusivo de Deutsche Grammophon, con quen produciu os discos *Cantar*, coa Orquesta Konzerthaus de Berlín e Christian Vásquez; *Entropía*, con Jesús 'Pingüino' González, premiado coa Medalla de Ouro nos Global Music Awards 2017 e o Melómano de Ouro; *Fractales*, coa Filharmónica Ártica e Christian Lindberg, tamén Medalla de Ouro dos Global Music Awards 2019; e *Cantos y Revueltas*, coa Real Filharmonía de Galicia, o mestre Manuel Hernández-Silva e o cuatrista venezolano Leo Rondón.

Antonín Dvořák (1841–1904)

Considerado un dos máis grandes compositores checos do século XIX, Antonín Dvořák compón aos cincuenta anos un tríptico de aberturas baseadas en tres grandes forzas creativas que, baixo o nome que deu título a esta temporada, de *Natureza, vida e amor* acolleron as pezas *No reino da natureza*, *Carnaval* (vida) e *Otelo* (amor). No ano 1892 dirixiunas por primeira vez nun concerto en Praga, como despedida antes de partir cara aos Estados Unidos, onde tamén as incluíu no seu primeiro concerto alén do mar. Este tríptico sitúase nun momento de cambio entre os dous períodos creativos do compositor. Nel, as dúas primeiras obras celebran as alegrías que a natureza e a vida dan, mentres que a terceira suxire como se pode destruír o que natureza e vida ofrecen cando se confunde o amor coa posesión e os ciumes.

Otelo, a terceira desta serie de aberturas, tomou como base a traxedia de Shakespeare, e foi rematada a principios de 1892. A peza ábrese cunha introdución lenta nas que se contrastan dous temas, un coral no que predominan as cordas

e un segundo enunciado por frautas e clarinetes. Nesta primeira parte comeza a enxergase certa escuridade a asediar o amor. Os ciumes asoman no allegro, no que sobresaen os trémolos de cordas e nos arrastran cara a coda. A evocación aos ciumes e a posesividade vaise facendo cada vez máis e máis presente e vai conducindo, da man dos violíns, cara a coda final, que eleva o dramatismo para reflectir o crime de Otelo. Un Otelo que, enlouquecido tras matar a Desdémóna, acaba por suicidarse baixo a disonancia dos últimos compases.

Esta é esta unha das composicións máis sombrías de Dvořák. Nela, o compositor non só pretendía representar a dualidade dos ciumes e o amor do drama de Shakespeare, senón tamén describir o asasinato de Desdémóna e os remorsos que sentiu Otelo, que o conduciron ata a morte. Pese a que esta abertura nunca superou a fama da precedente, *Carnaval*, é proba da mestría e a inspiración do seu compositor.

No reino da natureza, composta en 1891, é unha obra que nos presenta unha paisaxe rica en cor e cun forte poder evocador, mais que

tamén implica certas connotacións relixiosas. Partindo da natureza como un reflexo da vontade divina, Dvořák non só pretendía facer un retrato pintoresco senón aderezalo espiritualmente.

Nesta abertura, quixo describir idealmente as sensacións que se senten ao contacto coa natureza nunha viaxe imaxinaria da mañá á noite, nunha visión serena e amable na que a música logra evocar esa atmosfera conmovedora de asombro, na súa plenitude melódica sustentada na instrumentación.

A abertura ten forma de sonata estándar. Tras un tema de danza animado, introdúcese unha clave maior, sorprendente en Dvořák. Ata o epílogo final, con reminiscencias a un himno checo, sucédense os cantos dos paxaros e outros sons naturais, que amosan o amor que o compositor sentía polo entorno natural que rodeaba a súa propia casa. É notable o efecto que produce esta última parte da composición, na que todo acouga na contemplación do silencio inmenso dunha noite de verán.

Carnaval é probablemente a abertura máis coñecida e máis interpretada

deste tríptico. Ao longo dela pódese apreciar o achegamento habitual que Dvořák fai da música folclórica e os ritmos dos bailes eslavos. Tal como o propio compositor sinalou sobre esta peza, un camiñante solitario chega á cidade á noite, onde o sorprende un carnaval no seu cénit. A visión da festa alternase coa propia perspectiva do viaxeiro, que se converte en espectador do que acontece ao seu redor.

Marcada por un espírito operístico e pola clave de La maior, *Carnaval* articúlase en forma de sonata tradicional e estrutúrase en tres partes, con dúas seccións rápidas de ambiente festivo. Ábrese o tema principal cun tempo *allegre vigoroso* e cheo de ímpeto. A festa interrómpese por un corno, que dialoga con frautas, violíns e clarinetes. Esta exposición é seguida por un *intermezzo* lírico, para finalmente rematar cun espírito semellante ao do primeiro tema festivo.

Así, ao longo da peza, sucédense as animadas escenas de carnaval, nas que a instrumentación encandea cos sons dos metais e da percusión, como un cadro de bailes folclóricos e ritmos que son quen de contaxiar a súa enerxía.

Christian Lindberg (1958)

Ademais de director e compositor, Christian Lindberg é un dos trombonistas máis afamados do mundo. Cun haber de máis de medio cento de composicións, o *Concerto para trompeta Caballos mágicos* é a obra que a Real Filharmonía de Galicia, xunto coa Bilkent Symphony Orchestra e a Swedish Chamber Orchestra, encargou a este compositor sueco.

Adicado ao trompetista Pacho Flores, quen ten tocado composicións de Lindberg por todo o mundo ao longo dos últimos anos, este *Concerto para trompeta* terá a súa estrea absoluta en Santiago de Compostela. En palabras do propio Lindberg, *Caballos*

mágicos bebe da admiración que sente polos cabalos, uns animais a un tempo fermosos e poderosos.

O concerto está dividido en seis seccións, cada unha delas inspirada nunha raza de cabalo ou un cabalo de fantasía: o mitolóxico Pegaso, a raza de cabalos ibéricos andaluza e lusitana, o cabalo salvaxe, a raza norteamericana appaloosa e, por último, a raza árabe shagya. Unha obra pensada para facer resplandecer o virtuosismo da trompeta, mais tamén para anegar ao público coa súa enerxía e forza.



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoníadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

